



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 001/2008

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto no artigo 40 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Ordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	ORDINARIA
Data da Sesión:.....	5 de xaneiro de 2008
Hora de celebración en primeira convocatoria:..... (a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)	10:30 horas

ORDE DO DÍA

Parte substantiva

1. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDIENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 19 DE DECEMBRO DE 2007.**

Control da xestión municipal

2. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE 1/2008 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**
3. **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (48/2007 a 54/2007) E DECRETOS DE ALCALDÍA (134/2007 a 203/2007).**
4. **DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 27 DE SETEMBRO ATA O 7 DE DECEMBRO DE 2007.**
5. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 2 de xaneiro de 2008.

OALCALDE,

D^a Mariano Iglesias Castro.

Ante min, A SECRETARIA,

D^a M^a Fernanda Montero Parapar.



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 5 DE XANEIRO DE 2008.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. José Joaquín López Ares. PSdeG – PSOE
D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG
D. Manoel Bello Salvado. BNG

AUSENTES:

D. Ciriaco Varela Rotger PP
(*Non xustifica a súa ausencia.*)

SECRETARIA :

D^a M^a Fernanda Montero Parapar.

En Mesía, a 5 de xaneiro de 2008, sendo as dez horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2007.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria de 19 de decembro de 2007. Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcripción ó Libro de Actas.

2. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE 1/2008 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS**



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 2º punto da orde do día preténdese aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, no exercicio das facultades que me atribúe a Lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo,:

Ante a presentación de facturas pertencentes a exercicios anteriores no departamento de Intervención.

Visto o informe da Intervención de data 2 de xaneiro onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non foron recoñecidas naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que en este caso concreto é posible a súa realización.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMERO. Aprobalo recoñecemento dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo I adxunto ao expediente.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2008 os correspondentes créditos por importe de 13.722,27 euros, con cargo as partidas 1.22, 4.21, 4.22 e 5.21 das cales realizouse a correspondente retención.

ANEXO I

EMPRESARIO	DATA FACT	Nº. FACT.	CONCEPTO	IMPORTE €	PART.
Cantera de Mont.	20-12-07	vis/27000912	Áridos	561,16	5.21
Ulla Oíl, S.L	31-10-07	17 2388	Distribución de gasóleos	2.853,64	4.22
Ulla Oíl, S.L	30-11-07	27 6409	Distribución de gasóleos	608,00	4.22
Ulla Oíl, S.L	30-11-07	27 6410	Distribución de gasóleos	912,00	4.22
SOGAMA	31-10-07	2007/3237	Tratamento do lixo	3.838,45	4.22
SOGAMA	30-11-07	2007/3590	Tratamento do lixo	3.051,93	4.22
Turnauga	22-12-07	64	Paintball	413,02	4.22
Casa Zapateiro	15-12-07	235	Material oficina Obradoiro	66,51	4.22
Adarve	15-12-07	32/07	Curso tiro con arco	120,00	4.22
Elect. Rodrimar	14-09-07	28	Arranxo de farola	961,16	4.21
Carlos Castro	20-12-07	1203/2007	Gestión laboral	336,40	1.22



Terminada a lectura da proposta o Alcalde, Don Mariano Iglesias Castro, explica que estas once facturas que suman un importe de 13.722,27 euros non puideron imputarse a contabilidade do exercicio anterior por carecer de créditos, pero xa que hai tesourería propoño que se abonen con cargo ao 2008.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, que pregunta cal é o concepto das facturas que se levan a recoñecemento extraxudicial.

Polo Sr. Alcalde, enuméranse as facturas unha por unha, indicando o empresario, o concepto e o importe das mesmas.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros presentes da Corporación.

3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (48/2007 a 54/2007) E DECRETOS DE ALCALDÍA (134/2007 a 203/2007).

Comeza o Sr. Alcalde explicando que se trata das resolucións e decretos adoptados no último trimestre do ano dándolle a palabra os portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, portavoz do grupo municipal do BNG, pedindo unha aclaración con respecto os seguintes Decretos e Resolucións:

- Decreto 138/2007, pregunta sobre as características do Servizo de Protección Civil, cantas persoas o compoñen, e porque se nomea a Marcos como responsable do mesmo.
- Decretos 141-145/2007, pregunta sobre a finalidade destes contratos de persoal, quere saber se son para proxectos específicos, por qué a mestra seleccionada renunciou ao posto de traballo.
- Decreto 148/2007 , pregunta sobre o proxecto de envellecemento activo.
- Decreto 155/2007, pregunta sobre os obxectivos da memoria para o estudo sobre a erosión hídrica post-lume no concello de Mesía, así como o custe do mesmo.
- Decreto 173/2007. pregunta sobre a realización dun estudio sobre alternativas a produción agrícola gandeira.

Toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, manifestando a súa curiosidade en relación aos Decretos 155/2007 e 173/2007, sobre os que xa preguntou o Sr. Pedreira Candal.

O Sr. Alcalde comeza respondéndolle o sr. Pedreira, indicando que tamén se dará por respondido o Sr. Álvarez Monteserín, dado que preguntou sobre os mesmos temas.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- Decreto 138/2007, con relación a creación do Servizo de Protección Civil, ao largo do 2007 a Consellería da Presidencia subvencionou o 80% do vehículo contra incendios co que conta o Concello, e iso levaba implícito o nomeamento dunha persoa como chofer e responsable do mesmo, e Marcos e o único empregado laboral do concello que non está afecto a ningunha subvención.
O obxectivo e atender emerxencias cando o servizo estea en activo.
- Decretos 141-145/200, en relación con estas contratacións, as mesmas veñen afectadas a programas subvencionados pola Consellería de Traballo, pedíndose varias persoas en relación coas necesidades do concello. As informáticas están traballando na Casa da Cultura e no Concello, determinando tódolos puntos de alumeado e mobiliario do Concello, para ter todo perfectamente cuantificado, contedores, marquesiñas, eta...
As outras administrativas están desenrolando traballos xenerais, tales como pasar a soporte informático tódolos documentos do Xulgado de Paz.
A mestra da clases particulares en tres puntos do Concello. A primeira persoa elixida para este posto renunciou porque encontraría un traballo mellor, seleccionándose a seguinte na lista por orde de puntuación.
- Decreto 148/2007, trátase dunha subvención solicitada polo Departamento de Servizos Sociais, destinada a financiar programas activos de carácter lúdico e entretemento para os nosos maiores.
- Decreto 155/2007, como ben di o Decreto a Consellería de Medio Rural, sacou unha subvención para o estudio da vexetación autóctona dos Concello, remitindo no seu día a memoria para que nos financiasen o estudio, esixindo que para concedernos a subvención a memoria debería conter as zonas que poderían ser erosionadas polo lume, subvención que consideramos beneficiosa, e como o custe para o Concello é 0 euros, pediuse.

A utilidade para o concello é a seguinte:

- Permítenos coñecela masa arbórea que temos.
 - Ubicala por zonas.
 - Coñecela idoneidade de cada zona para implantar cada especie.
 - Así como as consecuencias de implantar unha especie nunha zona non adecuada se houbera un incendio.
- Decreto 173/2007, somos conscientes que no noso concello están desaparecendo as alternativas agrícolas-gandeiras, de aí a importancia deste estudio de alternativas, que presente alternativas a agricultura no noso concello ou ben realizar esas actividades coñecendo a realidade física actual.



4. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 27 DE SETEMBRO ATA O 7 DE DECEMBRO DE 2007.

Novamente o Sr. Alcalde comenta que visto que os concelleiros teñen copia das actas obxecto do presente punto da orde do día daránselle as aclaracións que soliciten sobre as mesmas.

Intervén o Sr. Pedreira Candal, solicitando aclaración sobre os acordos adoptados nas seguintes sesións:

- Sesión de 25 de outubro de 2007. en que consiste a revocación do acto administrativo.
- Sesión 22 de novembro de 2007. cal e o bar ao que se lle concede a licenza. de café bar.

Intervén o Sr. Alcalde, para resolverlle as dúas cuestións formuladas polo portavoz de grupo nacionalista, explicándolle, que a revocación do acto administrativo refírese ao uso indebido que un veciño fixo dunha parcela de dominio público, polo que se iniciou un expediente de recuperación de oficio da posesión, e ademais na parcela había árbores, este vendeunos e cobrou un importe que non lle correspondía.

A sentenza ditada considera que non procede a devolución dos cartos cobrados pola venta ao concello, máis que nada por ser outro o procedemento para a recuperación dos cartos.

En relación coa licenza de café bar, o bar ao que se lle concede a licenza é o que está situado ao lado de baixo do supermercado.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Pásalle a palabra o Sr. Alcalde ó portavoz do grupo municipal do BNG o Sr. Pedreira Candal quen manifesta non ter ningún rogo nin pregunta que facer.

Toma a palabra ó Sr. Álvarez Monteserín, que fai un rogo en relación as contratacións efectuadas polo concello. O Sr. Álvarez Monteserín manifesta o seu desexo de asistir os procesos de selección por un tema de transparencia, considerando que non sería malo para o Sr. Alcalde que estivese presente algún membro da oposición.

Intervén o Sr. Iglesias Castro, explicando que para garantir a transparencia e o cumprimento da lexislación xa contan coa Secretaria do Concello

Toma a palabra ó Sr. López Ares, expoñendo o seguinte: “ Por razóns de ética profesional presento a miña dimisión, de tódolos cargos que ocupo no Concello. Non sen antes agradecer a colaboración prestada polo equipo de goberno tanto cando era alcalde como agora sendo Primeiro Tenente de Alcalde. Agradecerlle tamén a Mesía Nova que me está acompañando hoxe o apoio que me prestou.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

A principal razón pola que renuncio ao cargo que ostento no concello de Mesía, e meu nomeamento como presidente de FEPLAC, e aínda que xuridicamente non é incompatible co cargo de concelleiro creo que o máis conveniente.

Retírome da vida política pero non da vida pública nin social que probablemente será incrementada.

Seguirei apoiando a tódolos veciños de Mesía, así como ao equipo de goberno, principalmente ao Alcalde para colaborar con el en todo o posible. Responderéi de todo o que fixen como Alcalde aínda que deixe a política porque a miña intención non é esconderme”.

Intervén o Sr. Iglesias Castro, explicando que “podería dar un discurso sobre todo o que dixo o meu antecesor porque era coñecedor da súa renuncia, pero non falaría con obxectividade porque todos saben a relación de amizade que nos une, porque vivimos moitas cousas xuntos, e aínda que xa non sexa concelleiro sei que estará para o que faga falta.

Intervén o Sr. Pedreira Candal, explicando que “aínda que as nosas diferenzas foran importantes durante a lexislatura anterior , foron enfrontamentos políticos, e pola nosa parte desexámoste sorte na túa nova andadura profesional e política”.

Toma a palabra ó Sr. Álvarez Monteserín, felicitando o Sr. López Ares, manifestando que é un orgullo para Mesía o cargo que vai desempeñar, agradecerlle os servizos prestados, e aclarando que tódolos enfrontamentos políticos están olvidados porque a relación cos veciños está por encima de calquera cuestión política e ideolóxica.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria - Interventora, certifico.